



- Tódolos cursos que se realizan terán unha duración dun mes.
- Algúns cursos terán dous grupos, un pola mañá e outro pola tarde, para dar a posibilidade ás persoas interesadas de elixir o horario que prefiran.
- En cada un dos cursos poderá anotarse ata un máximo de 14 persoas.
- Haberá unha praza para unha persoa con discapacidade visual, auditiva, cognitiva ou motriz, que poderá asistir ao curso utilizando un equipo informático con equipamento accesible.
- Cada persoa poderá realizar como máximo dúas veces o mesmo curso.
- Para inscribirse en tódolos cursos de carácter avanzado haberá que ter realizado anteriormente os cursos de iniciación.
- Para poder realizar algúns cursos será necesario ter previamente uns coñecementos precisos para poder realizar eses cursos.
- As inscricións realizaranse entre os días 15 e 30 do mes anterior á data de inicio do curso.
- As inscricións faranse chamando ao teléfono de atención cidadá 010 do Concello de Lugo ou ben ao 982 297 350 para chamadas que se fagan desde fóra do municipio.
- As prazas dos cursos serán cubertas por rigorosa orde de inscrición nos mesmos.
- Terán preferencia na asignación das prazas as persoas empadroadas no Concello de Lugo.
- Unha vez que se completen todas as prazas dun curso, as persoas que se atopan en lista de espera terán preferencia para inscribirse no mesmo curso ao mes seguinte.
- Se a persoa inscrita nun curso ten dúas faltas de asistencia sen xustificar durante a primeira semana será dada de baixa automaticamente dese curso.
- Aquela persoa que estea inscrita nun curso que teña lista de espera e falte de forma reiterada ou non asista a ningunha clase será penalizada por ocupar unha praza e non facer uso da mesma.
- O programa dos cursos que se van a realizar estará a disposición da cidadanía a partir do día 15 de cada mes e poderá ser consultado no teléfono de atención cidadá 010 ou na páxina web do Concello de Lugo [www.lugo.es](http://www.lugo.es).

Para máis información:

